

Baixo a cunca do café

23.02.2011 X. H. Rivadulla Corcón publica na editorial Espiral Maior o poemario "Os papeis do vagabundo", feito con apaixonados versos de amor que un descoñecido escribe para unha camareira

LUPE GÓMEZ

Con vinte anos Rivadulla Corcón andaba solitario querendo ser escritor e coñeceu a Lino Braxe, a Miguel Anxo Fernán-Vello e a Xavier Seoane. Hai disto xa vinte e oito anos. El asegura: "Atrévome a dicir que somos unha familia especial. Lino ten a mesma idade ca min, así que é como o meu irmán. Miguel Anxo que é algo maior, é o noso tío, e Xavier, que é un pouco máis maior, é o pai". No novo libro de Rivadulla Corcón hai un vagabundo que, de forma moi delicada e romántica, abandona poemas de amor baixo a cunca do café para unha camareira nas súas visitas a unha taberna preto do mar. Cando Rivadulla Corcón mira cara ó mar, sente vivo o seu propio interior. Os vagabundos andan na procura da amizade verdadeira e da beleza.



Rivadulla Corcón foi pregoeiro en 2009 do Mercado das Rutas do Mar en Muxía
FOTO: JAVIER TOBA

De onde veñen o teu nome e os teus apelidos?

O meu nome literario vén do mar, o meu nome oficial é Xosé Henrique Rivadulla Conde. O de Corcón é un alcume que me puxeron en Muxía, cando aínda era un neno. O corcón é a cría do muxo, ese peixe que se ve sempre nos portos, e como eu daquela era moi delgadinho, houbo quen empezou a dicir que era como un corcón, e quedoume. Logo cando tomei conciencia de ser poeta, cando ía publicar os primeiros poemas doume por pensar como quería firmalos, e como me gustaba ser Corcón, sentía que ese era o nome na miña tribo, púxenme Rivadulla "Corcón", co alcume entre comiñas. Foi Novoneyra quen me aconsellou que quitase as comiñas.

Como era o barrio Monte Alto da túa infancia? Como era a Muxía da túa infancia? Que significado emotivo teñen para ti eses lugares?

Monte Alto é o lugar onde nacín, e de onde é a familia do meu pai. De Muxía é miña nai e toda a súa familia, e penso que é o lugar onde naceu o meu concepto da vida. En Muxía naceron as miñas paixóns, polo mar, por escribir, pola xustiza e a liberdade, a amizade... e onde realmente me sinto formando parte dunha tribo. Sempre digo que son de Muxía. Gústame tamén ser de Monte Alto claro que si, pero a día de hoxe o meu ser interior séntese plenamente muxián. Muxía era para min o tempo do verán, tamén andar na rúa a xogar todo o día, e xa algo maior as festas das vilas e aldeas veciñas. Case todos os meus amigos eran xa mariñeiros, algúns estudaban no inverno pero no verán tiñan que ir ao mar, e un recordo entrañable é agardar a chegada dos barcos para ver chegar os meus amigos. E impresionábame ver no malecón ás mulleres agardando a chegada dos seus homes do mar, esa imaxe marcou moito o meu amor polo mar, eu non amo o mar só polos mariñeiros, ámoos máis polas mulleres dos mariñeiros.

Que relación tiveches con Uxío Novoneyra? Que recordos tes del e por que te marcou tanto?

Tivemos unha amizade que eu me atrevo a cualificar de intensa. Foi na época dos seus primeiros anos en Compostela, pois eu daquela vivía nesa cidade. Ía moito á súa casa e sobre todo paseabamos moito polo Franco e a Alameda. Creio que aprendín con el moito máis do que podo imaxinar: aprendín que un ten que esforzarse por ser un home bo e fiel á súa idea da vida. Son totalmente debedor da súa poesía, non tanto da forma como do concepto que el tiña da poesía, ese concepto esencial de que a poesía ten que ser sempre verdadeira. Sempre levarei no meu corazón a miña gratitude á súa persoa por permitirme camiñar ao seu lado polas rúas de Compostela. Moitas veces sentíame como se fose o seu escudeiro.

Por que o libro "Memorias dun neno labrego" foi unha influencia tan importante para ti e para a túa obra?

Non só "Memorias dun neno labrego", tamén "No cadeixo" de Paco Martín e "Os dous de sempre" de Castelao. Lin eses tres libros con 14 anos, e supuxeron a miña entrada na literatura galega. Na escola de finais dos sesenta e a principios dos setenta non nos facían ler en galego, pero en Muxía si, porque alí estaba de mestre o escritor Xoán Babarro, e os meus amigos muxiáns foron os que me pasaron eses libros. Eu espertei á realidade do meu pobo a través deses libros, e lembro perfectamente que despois de deles quixen ser escritor.

Unha taberna situada cerca do mar pode ser un lugar moi fermoso e moi poético? Cres que os bares son lugares de fantasía? Ti es un mariñeiro?

Teño un respecto profundo polos mariñeiros, escribir sobre os mariñeiros é moi distinto a estar no medio do mar, traballando duro, tirando do aparello, mollándose polo mal tempo e tendo medo ao naufraxio, e sei o duro que é iso porque teño moitos amigos e familiares mariñeiros, e por respecto a eles non debo dicir que son mariñeiro, son só un home que ama os mariñeiros e as súas familias, e que quere pagar ese amor escribindo sobre eles.

O mar é moi importante para min, porque eu cando miro o mar sinto que estou mirando o meu interior, e sinto que pertenzo a unha cultura moi concreta, a do mar que é a cultura da miña tribo. Falando de bares, eu como as xentes mariñas son moi tabernario, os bares son para min un lugar extraordinario para estar con amigos compartindo a amizade, creio que as tabernas son un lugar de culto á palabra, onde se vai a falar cos demais, amigos ou non. En Muxía hai un costume moi practicado que é o de falar para todo o bar.

Por que a escrita de literatura infantil produce en ti unha sensación de alegría e unha emoción máxica? Cando falamos cos nenos e para os nenos estamos, dalgún xeito, máis cerca da vida?

Ten que ver co concepto de verdade do que me falaba Novoneyra. A literatura infantil ten que ser moi verdadeira ou os nenos captan que non es sincero con eles. Non se trata do que escribes, senón de como escribes, podes escribir historias moi fantásticas e irreais pero os sentimentos que pos na escrita teñen que ser moi verdadeiros. Ademais, a min escribir a literatura infantil e xuvenil emocióname. Choro moito cando escribo e logo cando releo os meus libros, e cando estou escribindo algo se non choro sei que ese libro non vai indo ben, e teño que reescribilo ate atopar a emoción e chorar.

A través do teatro podemos reafirmarnos na nosa Historia, na nosa Lingua e na nosa forma de ser e falar e vivir? Que significa o teatro para ti?

O teatro é a forma de arte máis viva que existe. O receptor, o espectador, está vendo nacer a obra artística no xusto momento en que isto se produce, e isto resúltame fascinante. A nivel de sensacións persoais, o teatro faime sentir moi vivo, neste caso máis dirixir que escribir, o proceso de montar unha peza teatral é moi creativo, e depende moito das relacións persoais das xentes que participan na montaxe, precisa de moita solidariedade e comprensión entre elas, polo que me resulta un proceso moi humano.

"Os papeis do vagabundo" é un libro de poesía amorosa? Gústache escribir poemas de amor? Namorácheste algunha vez dunha camareira?

Realmente é iso, un poemario de amor, un amor que me resulta moi suxestivo. O amor entre dúas persoas que nunca chegan a falar máis alá do protocolo de pedir un café e darse as grazas, pero ámanse. Todo o que eu escribo ten que ver co amor, a miña poesía é sempre amorosa, o amor entrelazado con outras cuestións, pero sempre o amor; ás veces creio que é do único que sei escribir: historias de amor á beira do mar. Creio que o amor é, como dicía Rilke, compartir soidades. Dúas persoas cando se aman o que fan é compartir as súas soidades. Sobre o da camareira non cheguei nunca a tanto, non xurdiu a circunstancia, pero si che direi que sinto moita simpatía por elas, e espertan en min un sentimento de solidariedade, e son fiel ás tabernas onde hai camareiras que me resultan agradables.

Ti es amigo dos vagabundos? No eido sentimental, todos somos vagabundos?

Tiven un bo amigo que non era estritamente un vagabundo, pero que tiña unha vida moi próxima á do vagabundo, era un mariñeiro de Fisterra, Xan de Fisterra chamabámoslle, que viña sempre a Muxía ás festas, e viña camiñando dende Fisterra, e en Muxía os días de festa vivía como un vagabundo, sempre coa axuda dos muxiáns, porque era un home moi querido. O home xa morreu e está instalado na miña memoria de xeito moi profundo.

Claro que somos vagabundos no sentimental, temos que selo, temos que deambular polas estradas e rúas dos sentimentos para atopalos e vivilos, e sempre por desgraza case nunca son suficientes os sentimentos confortables que atopamos e temos que seguir buscando. Eu agora son un pouco menos vagabundo, atopei unha vagabunda que veu para Galiza de terras estremeñas e sabe confortarme ben nas longas noite de inverno e pedra.